

HOSTAL ESPAÑA

Chus Domínguez, Inma Álvarez, 2020

1624

ESTREA EN NUMAX: 31.10.2025 | V.O. | 60 min

Todas as habitacións do Hostal España, un modesto e céntrico establecemento situado na cidade de León, están ocupadas por persoas maiores, moitas delas procedentes da abandonada contorna rural. Nas súas estancias, corredores e comedor, as estacións sucédense sen pausa para unha comunidade que foi convidada a gravar a súa cotiandade e participar así na creación dunha película que dea conta doutra posible forma de vida na chamada terceira idade.



Dicir “estamos gravando”

Por Chus Domínguez

Estamos a gravar. Carmina teno claro. Cando Jose a interrompe mentres ela prepara o seu café na cociña do hostel, deixa claro que ese momento é importante aínda que pareza banal, é o seu ritual de media mañá e está a desenvolver toda unha posta en escena. Inma grava e ela actúa, ou, máis que actuar, fai o que fai todos os días, pero sendo consciente de que o fai para a cámara. Prepara o café, interior día.

Dicir “estamos gravando” denota máis niveis de significación que se perden na sinxeleza dunha frase pronunciada por unha nonaxenaria. Fala de poñer o corpo nun proxecto no que fuches convidada a participar, e facelo desde a reflexión e a axencia. Agora imos gravar isto. Significa que son consciente de que as miñas accións cotiás, cuxa suma constrúe a miña vida, poden ser merecedoras de atención, tamén para outras persoas fóra da miña contorna. Significa que ao facer algo con Inma sigo transcendendo unha relación baseada nunha lóxica comercial empresario-cliente e colaborando na consolidación dunha rede de afectos que á súa vez fala da existencia dunha comunidade. Significa que estou a construír mundos, formas de vida que ofrecen unha alternativa a un modelo baseado na mera transacción de bens e servizos por diñeiro, todo iso cando sabemos que no fóra de campo case apocalíptico son desmantelados os servizos públicos esenciais para a poboación máis desfavorecida, e medra o apoio a forzas políticas xenófobas, mentres as administracións só se acordan da xente maior para reclamar o seu voto.

Tamén quixeramos crer que dicir “estamos gravando” implica verse inmerso nun proxecto artístico, e non só o de facer unha película senón no referente á idea de arte “como estado de encontro” nunha “elaboración colectiva do sentido” que propoñía Bourriaud. E, máis aló do artístico, significa que estou a participar en dar conta dunha experiencia estética que ten que ver coas miñas (nosos) rituais, tempos, obxectos e espazos, cuxa interrelación forma unha parte esencial da miña comunidade. Así, os 25 segundos que tarda en quentar o café no microondas terían que ver co que David MacDougall chama estética social, algo que adoita ser asimilado a outras categorías e por tanto pasar facilmente desapercibido, algo que non só é difícil de apreciar, senón tamén de aprehender ou rexistrar, ao que só podemos achegarnos oblicuamente.

Dicir “estamos gravando” cando quento o café fala tamén de que a miña vida como persoa maior (anciá) non só ten que ver coas cuestións problemáticas nas que nos adoitamos centrar cando pensamos na terceira idade e abre unha vía para o que non se pensou ou planificou nun guión documental ou nunha enquisa sociolóxica, algo que xorde e se manifesta como acción e coñecemento encarnado, aí presente para que, se queremos, lle prestemos atención. Ademais, se estamos a gravar e non somos cineastas ou artistas recoñecidas, tamén estamos a cuestionar unha orde xerárquica claramente asumida, poñendo en cuestión o concepto de autoría.

Publicado en laav.es



Na librería
NUMAX
numax.org/librería

Hostal España,
Belém Sola Pizarro /
Mage Moscoso / Chus
Domínguez.
Menoslobos